



I.E.S. MONCHO VALCARCE
Rúa José M^a Penabad López s/n
15320 As Pontes
Tel: 981 451351 Fax: 981 440748
CIF: Q-6555531-J



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



ATENCIÓN EDUCATIVA PARA O ALUMNADO QUE NON CURSE ENSINANZAS DE RELIXIÓN.

O Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia establece na súa disposición adicional segunda, punto catro, que os centros docentes disporán as medidas organizativas para que o alumnado que non curse as ensinanzas de relixión reciba a debida atención educativa, co fin de que a elección dunha ou outra opción non supoña discriminación ningunha e que a devandita atención, en ningún caso comportará a aprendizaxe de contidos curriculares asociados ao coñecemento do feito relixioso nin a calquera materia da etapa. Indica tamén que as medidas organizativas que dispoñan os centros deberán ser incluídas no proxecto educativo para que nais, pais, titores e alumnado as coñezan con anterioridade.

Para dar cumprimento ao anterior, neste centro, en sesión ordinaria do Consello Escolar celebrada o día 26 de setembro de 2012 aprobouse a seguinte proposta da Comisión de Coordinación Pedagóxica do centro.

Actividades de atención educativa para o alumnado que non curse ensinanzas de relixión:

- 1º e 2º de ESO: Actividades que potencien a comprensión e a expresión oral e escrita.
- 3º e 4º de ESO: Ademais da anterior, actividades e talleres que fomenten a expresión artística e a formación en valores.
- 1º e 2º de bacharelato: Ademais das anteditas, inclúense tamén actividades que potencien a investigación autónoma.

Dentro destas directrices o profesorado que imparta estas horas terá liberdade á hora de programar as correspondentes actividades de aula.